

CULTURA AUDIOVISUAL II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Analice a imaxe e o seu significado, contestando os dous apartados / *Analice la imagen y su significado, contestando los dos apartados:*

1.1. Análise denotativa da imaxe: lectura obxectiva sobre a composición da imaxe. Falar de aspectos como: encadre, planos, iluminación, cor, profundidade (áreas de enfoque e desenfoque), ángulo, perspectiva, obxectos, escenarios, paisaxes, personaxes, centro de interese, etc. / *Análisis denotativo de la imagen: lectura objetiva sobre la composición de la imagen. Hablar de aspectos como: encuadre, planos, iluminación, color, profundidad (áreas de enfoque y desenfoque), ángulo, perspectiva, objetos, escenarios, paisajes, personajes, centro de interés, etc. (2.5 puntos)*

1.2. Análise connotativa da imaxe: lectura subxectiva. Falar de aspectos como a mensaxe do texto (se hai logotipo, marca, eslogan, etc.), a mensaxe latente da imaxe, o público obxectivo, a emotividade, os valores, tipo de publicidade (comercial, social, humanitaria, etc.). / *Análisis connotativo de la imagen: lectura subjetiva. Hablar de aspectos como el mensaje del texto (si hay logotipo, marca, eslogan, etc.), el mensaxe latente de la imagen, el público objetivo, la emotividad, los valores, tipo de publicidad (comercial, social, humanitaria, etc.). (2.5 puntos)*



Fotografía: Campaña *Sanidad olvidada* (ONG Anesvad)

PREGUNTA 2. Explique brevemente cinco dos dez apartados / *Explique brevemente cinco de los diez apartados:*

- 2.1.** A BSO no cine español: Roque Baños. / *La BSO en el cine español: Roque Baños.* **(1 punto)**
- 2.2.** Os efectos narrativos do son. / *Los efectos narrativos del sonido.* **(1 punto)**
- 2.3.** Defina: plano xeral, plano americano e plano medio. / *Defina: plano general, plano americano y plano medio.* **(1 punto)**
- 2.4.** Gags visuais e sonoros no cine. / *Gags visuales y sonoros en el cine.* **(1 punto)**
- 2.5.** Defina lonxitude e amplitude de onda. / *Defina longitud y amplitud de onda.* **(1 punto)**
- 2.6.** O produtor executivo en TV. / *El productor ejecutivo en TV.* **(1 punto)**
- 2.7.** Que significan as siglas PAL? / *¿Qué significan las siglas PAL?* **(1 punto)**
- 2.8.** Como se mide a audiencia de TV? / *¿Cómo se mide la audiencia de TV?* **(1 punto)**
- 2.9.** Que é o EGM? / *¿Qué es el EGM?* **(1 punto)**
- 2.10.** O estudo de radio. / *El estudio de radio.* **(1 punto)**

PREGUNTA 3. Desenvolva o seguinte tema: “Os efectos na historia do cine”, contestando as catro cuestiós / *Desarrolle el siguiente tema: “Los efectos en la historia del cine”, contestando las cuatro cuestiones:*

- 3.1.** Aceleración e ralentización no cine. / *Aceleración y ralentización en el cine.* **(1,25 puntos)**
- 3.2.** Os efectos clásicos no cine. / *Los efectos clásicos en el cine.* **(1,25 puntos)**
- 3.3.** Os efectos dixitais no cine. / *Los efectos digitales en el cine.* **(1,25 puntos)**
- 3.4.** Describa a posproducción e a súa finalidade no cine. / *Describa la postproducción y su finalidad en el cine.* **(1,25 puntos)**

PREGUNTA 4. Desenvolva o seguinte tema: “Os programas de entretemento na TV”, contestando as catro cuestiós / *Desarrolle el siguiente tema: “Los programas de entretenimiento en TV”, contestando las cuatro cuestiones:*

- 4.1.** Tipos de programas de entretemento na TV. / *Tipos de programas de entretenimiento en la TV.* **(1,25 puntos)**
- 4.2.** A elaboración dun programa de TV: fases. / *La elaboración de un programa de TV: fases.* **(1,25 puntos)**
- 4.3.** Describa o equipo humano que participa na elaboración dun programa de TV. / *Describa el equipo humano que participa en la elaboración de un programa de TV.* **(1,25 puntos)**
- 4.4.** Explique os seguintes conceptos: escenografía, ensaio e escaleta. / *Explique los siguientes conceptos: escenografía, ensayo y escaleta.* **(1,25 puntos)**

CULTURA AUDIOVISUAL II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde más preguntas das permitidas, só serán corrixidas as **2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las **2 primeras respondidas**.*

PREGUNTA 1. Analice a imaxe e o seu significado, contestando os dous apartados / *Analice la imagen y su significado, contestando los dos apartados:*

1.1. Análise denotativa da imaxe: lectura obxectiva sobre a composición da imaxe. Debe tratar aspectos como: encadre, planos, iluminación, cor, profundidade (áreas de enfoque e desenfoque), ángulo, perspectiva, obxectos, escenarios, paisaxes, personaxes, centro de interese, etc. / *Ánalisis denotativo de la imagen: lectura objetiva sobre la composición de la imagen. Debe tratar aspectos como: encuadre, planos, iluminación, color, profundidad (áreas de enfoque y desenfoque), ángulo, perspectiva, objetos, escenarios, paisajes, personajes, centro de interés, etc. (2.5 puntos)*

1.2. Análise connotativa da imaxe: lectura subxectiva. Debe tratar aspectos como a mensaxe do texto (se hai logotipo, marca, eslogan, etc.), a mensaxe latente da imaxe, o público obxectivo, a emotividade, os valores, tipo de publicidade (comercial, social, humanitaria, etc.). / *Ánalisis connotativo de la imagen: lectura subjetiva. Debe tratar aspectos como el mensaje del texto (si hay logotipo, marca, eslogan, etc.), el mensaxe latente de la imagen, el público objetivo, la emotividad, los valores, tipo de publicidad (comercial, social, humanitaria, etc.). (2.5 puntos)*



Fotografía: Campaña #Vengandedondevengan / *Campaña: #Vengandedondevengan*
(ONG Proactiva Open Arms)

PREGUNTA 2. Explique brevemente cinco dos dez apartados / Explique brevemente cinco de los diez apartados:

- 2.1.** A obra (BSO) de Ennio Morricone. / *La obra (BSO) de Ennio Morricone.* (1 punto)
- 2.2.** O Slapstick na obra de Charles Chaplin. / *El Slapstick en la obra de Charles Chaplin.* (1 punto)
- 2.3.** Diferenzas entre a música obxectiva, subxectiva e descriptiva. / *Diferencias entre la música objetiva, subjetiva y descriptiva.* (1 punto)
- 2.4.** Definición dos efectos *noite americana* e *chroma*. / *Definición de los efectos noche americana y chroma.* (1 punto)
- 2.5.** A edición de vídeo. / *La edición de vídeo.* (1 punto)
- 2.6.** A realización multicámara. / *La realización multicámara.* (1 punto)
- 2.7.** Definición de audimetria. / *Definición de audimetría.* (1 punto)
- 2.8.** Emisoras de radio xerais e as especializadas. / *Emisoras de radio generalistas y especializadas.* (1 punto)
- 2.9.** O silenzo na radio. / *El silencio en la radio.* (1 punto)
- 2.10.** O son: definición de intensidade, ton e timbre. / *El sonido: definición de intensidad, tono y timbre.* (1 punto)

PREGUNTA 3. Desenvolva o seguinte tema: “Cine: a comedia coral e dialogada”, contestando as catro cuestiós / Desarrolle el siguiente tema: “Cine: la comedia coral y dialogada”, contestando las cuatro cuestiones:

- 3.1.** A comedia coral: “Bienvenido Mr. Marshall”. / *La comedia coral: “Bienvenido Mr. Marshall”.* (1,25 puntos)
- 3.2.** Cite outras obras de García Berlanga. / *Cite otras obras de García Berlanga.* (1,25 puntos)
- 3.3.** A complexidade técnica da comedia coral. / *La complejidad técnica de la comedia coral.* (1,25 puntos)
- 3.4.** A comedia dialogada: a obra de Woody Allen. / *La comedia dialogada: la obra de Woody Allen.* (1,25 puntos)

PREGUNTA 4. Desenvolva o seguinte tema: “A gravación do son”, contestando as catro cuestiós / Desarrolle el siguiente tema: “La grabación del sonido”, contestando las cuatro cuestiones:

- 4.1.** A gravación do son: evolución histórica. / *La grabación del sonido: evolución histórica.* (1,25 puntos)
- 4.2.** Sistemas de grabación e difusión musical. / *Sistemas de grabación y difusión musical.* (1,25 puntos)
- 4.3.** Tipos de micrófonos. / *Tipos de micrófonos.* (1,25 puntos)
- 4.4.** O son dixital. / *El sonido digital.* (1,25 puntos)

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CULTURA AUDIOVISUAL II
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes **criterios**:

Pregunta 1 (valor máximo 5 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razonada e crítica.

Valorarase a descripción xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción e argumentación).

Como referencia de contexto, cómpre indicar que a imaxe corresponde cunha campaña promovida pola ONG Proactiva Open Arms na que se amosa a líderes políticos como Vladimir Putin, Donald Trump, Mariano Rajoy, Emmanuel Macron, Angela Merkel, Theresa May e Sebastian Kuz a bordo dunha barca coñecida como gamela chalupa ou patera. Coa lenda "#VENGANDEDONDEVENGAN" amósase aos líderes mundiais en patera para concienciar aos gobernos sobre o drama dos refuxiados que chegan a Europa fuxindo dos conflictos bélicos, a persecución ou a pobreza. A imaxe identifícase cunha campaña que implica unha mensaxe de concienciación para que non se deixen vidas á deriva sexa quen sexa, veña de onde veña. Neste caso, trátase dunha reivindicación de Open Arms na que se sitúa aos líderes políticos viaxando xuntos nunha patera, como milleiros e milleiros de persoas que sufren esta realidade. Ademais, esta campaña enmárcase nunha reivindicación universal dos dereitos humanos.

Trátase dunha campaña que pon o foco nas palabras "#VENGANDEDONDEVENGAN". Na imaxe, ademais da mensaxe central e de elementos básicos como a composición: localización en exteriores (cos elementos básicos do ceo, a costa ou a auga), plano xeral, ángulo frontal/normal, luces e sombras (contraste), profundidade de campo.... Pódense resaltar aspectos como os cromatismos das tipografías en maiúsculas (vermello e branco) e o xogo do vermello das palabras da mensaxe central en relación co logotipo da ONG promotora da campaña. Pódese resaltar tamén a expresión dos rostros dos protagonistas, tanto anónimos como dos líderes mundiais, así como a vestimenta, no contexto da composición ou fotomontaxe dixital. Cómpre destacar tamén o símbolo do *hashtag* como

indicativo de que a campaña trascende a imaxe para converterse nunha acción multimedia, especialmente a través das redes sociais. Estas e outras interpretacións razoadas que poda facer o alumnado entenderanse como correctas sempre e cando se xustifiquen debidamente en torno á mensaxe central da campaña.

Na análise connotativa teranse en conta a lectura subxectiva da imaxe. Valorarase positivamente que o alumnado identifique a imaxe cunha campaña de publicidade de carácter social e humanitario, que defina o concepto de publicidade social e humanitaria, que interprete a mensaxe do texto (eslogan), a mensaxe latente da imaxe (relación de elementos da imaxe coa mensaxe da campaña), o público obxectivo ao que se dirixe, a difusión en contexto multiplataforma (especialmente nas redes sociais), a emotividade ou os valores que se transmiten. Non se esixe que o alumnado coñeza os nomes de todos/as os/as protagonistas da imaxe, pero sí que identifique que aparecen algúns líderes políticos, co fin de poder interpretar a mensaxe e a súa finalidade. Nos criterios de corrección teranse en conta as diversas interpretacións que o alumnado poda facer arredor desta idea xeral e dos obxectivos da campaña que se pode consultar en Internet:

<https://controlpublicidad.com/campanas-publicitarias/proactiva-open-arms-muestra-a-los-lideres-mundiales-en-patera/>

<https://www.openarms.es/es/que-hacemos/mediterraneo>

Pregunta 2 (valor máximo 5 puntos), valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade os contidos aprendidos, pero si que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión. Nota importante: ánda que o/a alumno/a responda máis cuestiós, valoraranse únicamente as 5 primeiras respuestas que o/a estudiante presente nesta pregunta do exame.

Pregunta 3 (valor máximo 5 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral é a comedia coral e dialogada no cine. Non se esixen respuestas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre o concepto de comedia coral e a súa complexidade técnica, así como a explicación do exemplo da película "Bienvenido Mr. Marshall" e doutras obras do director García Berlanga. Valorarase tamén a resposta do alumnado sobre o concepto de comedia dialogada e a obra de Woody Allen. Valorarase igualmente que o alumnado responda a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

Pregunta 4 (valor máximo 5 puntos). Ao igual que na pregunta 3, os criterios de corrección contemplan unha valoración positiva sobre a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral refírese á gravación do son. Non se esixen respuestas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre a evolución histórica da gravación do son e os sistemas de gravación e difusión musical. Considerarase positivo tamén que o alumnado explique os tipos de micrófonos que existen para a recollida do son e tamén o concepto do son dixital. Valorarase igualmente que o alumnado responda a cada apartado da pregunta de xeito independente, ou que faga unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.